

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 21 DE SETEMBRO DE 2023**

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito**

“1º.- Chégalle información sobre a falta de servizo nalgunha quenda da policía local, así como dos conserxes, motivo para rogar que se lle informe desta situación.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que si é certo; que hai un reparo suspensivo á nómina do mes de xuño por servizos extraordinarios e produtividades; que o informe de levantamento de reparos do xefe da área de Réxime Interior non levanta o reparo nestes dous puntos e quedan sen pagar; a partir de aí, o servizo de policía, ocorre igual co servizo de Protección Civil e conserxes de instalacións deportivas, ían facendo horas para cubrir precisamente o déficit de persoal; que a partir dese reparo suspensivo se deu orde de suspender a realización deses reforzos para cubrir as quendas e a situación é que hai quendas de policía cun so axente, quendas de Protección Civil que quedan sen ser atendidos e sucede igual cos conserxes de instalacións deportivas.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen pregunta se é verdade que se lles baixou o número de horas ao ano á policía e pregunta se con esa variación e modificando o cadrante se podería establecer dúas patrullas pola mañá.

O Sr. presidente intervén e manifesta que non se baixaron as horas en ningún caso; que hai dezaoto policías que poden realizar tres quendas ao ano; que se fas un cuadrante non dá, tendo en conta tamén os dous policías a maiores, as vacacións e baixas non se cubren as tres quendas; que ata o de agora se realizaban as horas pola policía; que co reparo suspensivo por intervención se deixaron de facerse, soamente as imprescindibles, como na Galaicoi, Rock in Cambre, festas; que no verán pola mañá soamente hai unha quenda, no inverno dúas polo tema dos colexios; que todos os concellos Arteixo, Oleiros, A Coruña están pagando horas extraordinarias que non queda outro remedio, e se fai isto ou se non é imposible; que hai ademais un convenio asinado co Ministerio do Interior respecto da violencia de xénero e outro con Tráfico para atender por parte da policía nas zonas urbanas, as estradas que non sexan de titularidade municipal; que a Garda civil de Cambre non ten patrullas os fins de semana nin

durante a semana, que non hai en Cambre, tampouco en Carral, Arteixo; que el quere que se paguen as horas; que para el prima ante todo a seguridade; que está pendente de convocar a Xunta Local de Seguridade, onde expoñerá este tema; que sabe que outros alcaldes xa o expuxeron; que se a Policía local ten unha chamada do 112 a ten que atender si ou si; que moitas veces hai un so policía; que en moitos concellos hai un regulamento que establece que non pode haber patrullas unipersoais e manifesta que é a situación que se está a vivir.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1ª.- En que datas van a estar dispoñibles os locais dos grupos municipais na Barcala?”.

O Sr. Presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que está practicamente rematado e que ao longo da vindeira semana se poderá entregar a chave.

“2ª.- Cando se vai a crear a nova comisión especial de seguemento do Plan xeral?”.

A Sra. Piñeiro Fernández manifesta que xa non formula esta pregunta dado que hai unha proposta da Comisión de seguemento por parte do concello e quere manifestar que están moi satisfeitos que o goberno local recolla unha proposta tan importante e formulada polo Partido Popular.

“3ª.- En que estado se encontra a elaboración da RPT do Concello para o ano 2024 e para cando estará rematada?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que a RPT está entregada pola empresa a quen se lle adxudicou o contrato; que está informada pola secretaría municipal, polo xefe da área de Réxime Interior e polo anterior interventor; que todos estes informes son en contra; que están pendentes agora dun novo informe que redactará a nova interventora.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Rogos do PP presentados por escrito**

“1º.- Que se leve a cabo de maneira urxente a limpeza e desratización dos contedores subterráneos da praza Manuel Murguía do Temple, tal como se comprometeu o goberno municipal no pleno do mes de agosto”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen manifesta que tal como se lle trasladou se incrementou a vixilancia na zona; que se fixeron dúas desratizacións e se levou a cabo un seguemento cada quince días; que dende á última desratización que se fixo o día 11 de setembro di que tanto o concello como a empresa que está a levar o servizo non recibiron ningunha queixa desa zona e di que se limparon os contedores soterrados o día 7 de setembro.

“2º.- A instalación dun panel led informativo no centro de Cambre, onde se expoñan os eventos e información municipal mediante un sistema intelixente de cartelería dixital, co obxectivo de facilitar e facer máis accesible a información aos veciños e visitantes”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que acepta o rogo, sempre que sexa viable, dado que estes equipamentos son moi caros.

A Sra. Piñeiro Fernández intervén e manifesta que o considera moi necesario, dado que hai moita xente que non emprega as redes sociais; ao que o Sr. Mallo Castro di que está totalmente de acordo.

#### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito**

“1º.- Unha queixa recorrente da veciñanza de Cambre, independentemente da parroquia na que residan é o mal estado no que se atopan os contedores de lixo, sucios tanto por fóra coma interiormente, moitos cheos de pintadas; a outros non lles funciona nin a apertura co pé; se isto fora pouco, a desidia á hora de situalos no sitio correcto despois do seu baleirado fan que moitas veces invaden os carrís de circulación mermando a visibilidade d@s condutores, polo que roga agora que no consorcio vai a haber unha renovación da presidencia, se faga forza para mellorar todas estas deficiencias manifestadas e incluso se faga un estudo por parte do concello para que en zonas nas que hai que ter unha especial sensibilidade, se valore ocultalos con recintos de madeira como se fai noutros concellos”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen manifesta que acepta o rogo.

O Sr. presidente intervén e manifesta que cre que se debe facer un debate respecto do modelo que se quere para Cambre para o tratamento e recollida do lixo.

“2º.- De novo, volta a insistir no mal estado en que se atopan as marquesiñas de case todo o concello e roga novamente, agora que o período escolar deu comezo, se lles dea prioridade as que percorren os autobuses escolares”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen manifesta que acepta o rogo; que o prego das marquesiñas está delegado en Contratación dende xullo do pasado ano.

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1ª.- Hai queixas ou solicitudes por falta de contedores nalgunha zona de Cambre?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen manifesta que si hai solicitudes de instalación de novos contedores; que o máis habitual son as solicitudes de puntos de reforzos de contedores; que solicitou ao Consorcio unha listaxe das solicitudes; que aínda non llo enviaron e que cando llo envíen o comunicará.

“2ª.- Cando se reanudarán e rematarán as obras do campo de fútbol do Brexo-Lema?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que a esta pregunta concreta sería unha frivolidade contestala pola súa parte e explica de xeito resumido o porqué; que este proxecto é do POS 2019, pasou polo POS 2020; que aumentaron os prezos moitísimo, houbo unha cuberta de madeira que se tivo que reconverter de formigón porque non había forma de pagar a madeira; intentaron facer as gradas; que tivo unha serie de incidencias; que houbo cambio de director de obra; que tiveron que parar para poñelo en orde administrativa; que están a facer agora mesmo unha recompilación de todo e, por todo isto, non pode dar unha data exacta.

“3ª.- En que fase están as obras no local social de Cela para completar o proxecto e cando se vai a rematar?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que o local está rematado; que están entregadas as chaves á asociación; o que non está rematado son os bordos do exterior que forma parte dun proxecto de urbanización que non se tratou nese momento por problema de cartos; que agora está feito; que o local está en funcionamento.

“4ª.- En que situación se encontra a rede de sumidoiros da zona de Seoane en Anceis e se falta aínda por completarse a rede na zona?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que a rede de sumidoiros está a funcionar ben; que se se refire a se está completa a rede de sumidoiros di que está completa no núcleo.

O Sr. presidente intervén e pregunta se é fronte á fonte. A Sra. Piñeiro Fernández contesta que si.

O Sr. González Leirós di que esta avaliada; o problema é que son moi poucas casas, e chega a ser unha repercusión case de 7.000 euros por vivenda; que habería que falar cos veciños para solucionar isto.

“5ª.- Cal vai a ser o presuposto para a iluminación do nadal deste ano e se este se incrementa con respecto do ano pasado?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que o orzamento de licitación que consta no prego de condicións é de 59.492,40 euros.

“4ª.- Cales foron os problemas que se tiveron na organización da VI Open Science e se houbo falta de previsión no aloxamento dos nenos?”.

Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que respecto da parte de acomodar aos nenos sempre a xestionou o Club de Ciencia, unha parte que levan dende o principio da Open Science; que o concello axuda e colabora no que piden; que é verdade que este ano houbo algún problema de acollemento por parte das familias; que entende e entende o Club de Ciencia que debido ao encarecemento dos prezos, se antes acollían a cinco nenos, este ano acollen dous ou un; que o concello se puxo á súa disposición de cara a vindeiras edicións e ao final se puido solucionar e acoller a todos.

O Sr. presidente intervén e manifesta que intentarán buscar outras solucións para que a feira continúe a medrar.

#### **Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas oralmente**

1ª.- Respecto do problema que hai na Volta das Carrozas cos atascos que hai, como está de avanzado con outras administracións para solucionalo.

O Sr. presidente intervén e manifesta que non hai nada falado con ningunha administración.

2ª.- Respecto da contorna do concello e a súa accesibilidade, dado que cando chove o chan diante do concello está moi escorregadizo.

O Sr. presidente intervén e manifesta que el saiba non ten ningunha queixa ao respecto.

3ª.- Se se está a cumprir a periodicidade na recollida do lixo.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen manifesta que no rural ten menos frecuencia de recollida.

O Sr. presidente intervén e manifesta que a periodicidade se cumpre, que o mirará, pero cre que é así.

#### **Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito**

“1ª.- Dende Alternativa, levan meses preocupados polo atraso das rozas das vías que discorren polo concello; saben tamén que o concello levou a cabo por medio das brigadas municipais parte destes traballos mentres non se asinara o contrato coa empresa adxudicataria, que por fin parece que se fixo, aínda que se atrasase ata o mes de setembro; co que se están quedando abraidos e co pouco coidado que está a ter o Ministerio de Fomento nas rozas realizadas ao longo da N-550 ao paso polo termo municipal; dende Alternativa levan anos loitando para que todas as administracións se poñan serias no tratamento dunha especie invasora como son os comunmente chamados plumachos, unha planta que se trouxo no seu día para colocar na autoestrada para evitar os resplandores e hoxe invaden as marxes das nosas estradas ao longo de todo o territorio, polo que preguntan se dende o concello se está a vixiar esas

rozás, xa que ao seu entender non se están a facer da maneira axeitada e se existe algún plan de continxencia contra esta especie invasora”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que a empresa que se contratou para as rozas municipais o está a facer de marabilla.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que reitera o manifestado polo Sr. presidente; que non ten vocación de inspeccionar o traballo doutras administracións.

“2ª.- Hai uns meses, un grupo de veciñ@s do Temple fixeron unha recollida de sinaturas para instar á autoridade competente que se avaliara, máis ben se instalara (sen estudos previos) unha mini rotonda na saída da AP9 á altura do polígono do Temple para intentar aliviar o tráfico que a diario está a circular pola costa da Tapia e rúas adxacentes, dende hai meses intensificado polas obras que se están a cometer na NVI no antigo cruzamento do Sol e Mar; recolléronse preto de 2.400 sinaturas, e veciños, asociacións e o goberno municipal apoiaban esta proposta, polo que preguntan que pasos se deron ao respecto por parte do concello e se houbo algún avance”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que dado que é un tema dos veciños considera que deben facer eles unha petición ao respecto e que teñen todo o seu apoio.

“3ª.- En que estado están os trámites para entregar as instalacións da antiga biblioteca, pechada dende hai tres anos, á Consellería de Sanidade para a posta en marcha de novos servizos prometidos hai anos?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que non está o Sr. Boga Moscoso e non poder contestar; que cando volva o Sr. Boga Moscoso que lle contestará.

<b>COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA</b>
---

<b>ROGOS E PREGUNTAS</b>
--------------------------

<b>Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito</b>
---

“1º.- Ante o comezo do curso escolar, e coñecedores da situación dalgunhas Anpas, que teñen gastos pendentes de varios meses e que contan con subvencións do concello para iso, rogan celeridade no pagamento dos devanditos fondos”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que acepta o rogo.

“2º.- Ante a resposta dada no pasado pleno de agosto sobre a pregunta que fixeron sobre o pechamento de casa das Palmeiras, rogan que no vindeiro contrato se inclúa e prevea que se oferte o servizo os doce meses do ano”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que dada a grande variedade de actividades do verán, como poden ser concertos, festas, feiras, días de praia e piscina, a verdade é que hai un descenso de usuarios moi grande; polo que se considera suficiente manter aberta a Casa Arrigada, polo que, non se acepta o rogo.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío quen di que o outro día no pleno se manifestou que non se notaba o descenso de usuarios.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1ª.- Ao final téñese pensado celebrar o Temple Jazz no nadal?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen manifesta que non será un Temple jazz ao uso, que se fai no verán no exterior, pero si ten previsto realizar un concerto no nadal orientado cara ao jazz.

“3ª.- Teñen algunha medida a propoñer para axudar ao comercio local a maiores das xa aplicadas?”.

O Sr. presidente manifesta que se decidiu que non porque non vai a dar tempo á contratación; o que si pode dicir é que o ano pasado fixeron por primeira vez a través da Deputación a feria de oportunidades; que están a avaliar e a estudar se este ano se fai no nadal.

“5ª.- Se solucionaron os problemas que houbera a principios de ano no servizo de axuda no fogar? Se estudou engadir outras medidas para mellorar o servizo ou ampliar as existentes?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que esta pregunta correspóndelle á Sra. Prieto Lamas, quen se tivo que ausentar da sesión, polo que, se lle contestará por escrito.

### **Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito**

“1ª.- Ante a cercanía do nadal, preguntan polo estado e necesidades da despensa municipal de alimentos”.

Respecto desta pregunta, o Sr. Varela Fraguío manifesta que xa non a le porque se lle contestará por escrito.

“2ª.- Que prazos se manexan para a apertura da ampliación do ximnasio da Barcala?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que a previsión inicial da finalización da obra é de tres semanas; que apertura podería ser para finais de outubro ou comezos de novembro.

“3ª.- En que situación se atopa a futura licitación da nova concesión do complexo da Barcala?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que o expediente de concesión do complexo da Barcala foi delegado ao departamento de Contratación con data do día 17 de agosto de 2021 para continuar coa súa tramitación.

“4ª.- Se contempla, no novo prego da licitación a ampliación de horario para adaptalo aos usuarios?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que si se contempla a ampliación de horario tanto na temporada de inverno como na de verán.

“5ª.- Se contempla a a renovación de máquinas?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que si.